


Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org



Secretaria 1/3

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello

## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ORDINARA do Pleno da Corporación

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 07/09/2015 que di:

“O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde, convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación para o fin de resolver sobre os puntos que se detallan.

Conforme ao disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 10/09/2015  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BOIRO PARA A XESTIÓN E FINANCIAMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN DIÚRNA DE BOIRO.
2. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BOIRO PARA A XESTIÓN E FINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE 0-3 ANOS DE PRAIA XARDÍN INTEGRADA NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS DE GALICIA.
3. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BOIRO PARA A XESTIÓN E FINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE 0-3 ANOS DO SALTIÑO INTEGRADA NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS DE GALICIA.
4. APROBACIÓN DA INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE BOIRO.
5. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL JOSÉ ANTONIO DEIRA PIÑEIRO
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BOIRONOVO RELATIVA ÓS DESAFIUZAMENTOS NO BARBANZA (rexistro de entrada nº 8524 do 26.08.2015).
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS SOBRE OBRAS DE MELLORA DO LOCAL DA AMPA DE LAMPÓN (rexistro de entrada nº 8604 do 28.08.2015).

8. DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA 2016, LOGO DA APROBACIÓN DA URXENCIA DO ASUNTO.

// **PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

9. TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

10. TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 548/2015 DO 10.08.2015 DE DESPIDO DE PERSOAL LABORAL MUNICIPAL (TRABALLADORA SOCIAL).

11. MOCIÓNS DE URXENCIA.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**CUARTO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**QUINTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.”

**RECURSOS**

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 7 de setembro de 2015

O secretario accidental

Sebastián Abalo Chouza

